

PROTOCOLO (29/09/2020)

1- MARCO NORMATIVO:

- **RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- **RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- **RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020**, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- **ORDE do 17 de setembro de 2020** sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

2- XUSTIFICACIÓN:

Este protocolo de uso de instalacións deportivas municipais, establécese ante a necesidade dos clubs deportivos do Concello de Sarria para poder iniciar a súa actividade deportiva nesta nova realidade ocasionada polo COVID-19. Dito protocolo establécese para a tempada deportiva 2020-2021, e modificarase en función das necesidades que se xeneren debido á evolución da pandemia e que adopten as autoridades sanitarias.

3- OBXECTIVO:

O obxectivo deste protocolo elaborado pola Concellería de Deportes do Concello de Sarria é conciliar o fomento da práctica deportiva e o uso das instalacións deportivas municipais de Sarria co dereito á protección da saúde no contexto da pandemia causada pola covid-19 e a normativa de aplicación en cada momento.

4- ÁMBITO DE APLICACIÓN:

O ámbito de actuación do presente protocolo inclúe a calquera modalidade deportiva ou actividade físico/deportiva de todas as categorías practicadas nas instalacións deportivas municipais.

Este protocolo aplicarase nas seguintes instalacións deportivas do Concello de Sarria :

- * Pavillón Xose Mario Gonzalez
- * Pavillón da Rúa Castelao
- * Pavillón de Oural
- * Pavillón dos Institutos
- * Campo de Fútbol de Rivela

Este protocolo afecta aos adestramentos dos clubs deportivos do Concello de Sarria. Este protocolo aplicarase así mesmo, ás pistas deportivas exteriores (pista de baloncesto, fútbol, tenis, padel) cando a súa utilización sexa solicitada formalmente por os clubs.

5- REQUISITOS PREVIOS Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:

5.1- Será requisito imprescindible que os clubs soliciten o seu uso no Concello de Sarria.

5.2- Presentar o documento de compromiso de responsabilidade das normas fronte ao COVID-19 debidamente cuberto e asinado (*Anexo 1*).

6- NORMAS E RECOMENDACIÓNS XERAIS:

Os clubs deportivos poderán utilizar as instalacións deportivas nas datas e horas nas que teñan previa autorización.

O acceso ás instalacións deportivas permitidas son:

- Deportistas e persoal técnico: acceso á pista ou terreo de xogo.
- Directivos/as e responsables do club: acceso á instalación deportiva excepto á pista e terreo de xogo
- Non está permitido o acceso de acompañantes nin público.
- Non se permite o uso dos vestiarios e duchas.** Todos os deportistas deberán acceder ás instalacións con roupa deportiva da casa.
- Poderanse utilizar de xeito individual os aseos habilitados (un para homes e outro para mulleres).
- Será obrigatorio o uso de máscara**, excepto nas indicacións publicadas polas federacións correspondentes de cada club. Cando non se estea a utilizar a máscara débese gardar de maneira hixiénica.
- O resto das persoas deberán levar máscara en todo momento aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Non esta permitido o uso de calzado da rúa, é obrigatorio traer un calzado exclusivo para o seu uso nas instalacións deportivas municipais.
- Poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata **vinte e cinco persoas**, incluídos técnicos e adestradores/as, seguindo a normativa vixente en cada momento.
- As mochilas, bolsas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para tal fin.
- Con carácter xeral non se compartirá ningún material e, se non fose posible, o club deberá garantir a hixiene para o seu uso continuado.
- Ao remate de cada adestramento o club non poderá deixar ningún obxeto na instalación, e deberá realizar a limpeza e desinfección de todo o material empregado. Para iso poderán utilizarse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no

mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.

- Deben refugarse os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados de xeito seguro, lavando as mans ao finalizar.
- Tanto os produtos necesarios para a desinfección do material deportivo como os xeles desinfectantes e máscaras para os deportistas e persoal técnico deberá ser subministrado por cada un dos clubs deportivos usuarios das instalacións.
- Esta prohibido compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Co fin de non coincidir diferentes grupos/clubs dentro da mesma instalación deportiva: o grupo que inicia o adestramento esperará a que o anterior grupo abandone a instalación; de tal xeito que, entre a entrada e a saída de grupos de adestramento, establécese un tempo obrigatorio de distanciamento de **10 minutos** a descontar do tempo que cada grupo ten de sesión. Os responsables dos clubs terán que velar porque esta norma se cumpra e controlar os accesos dos seu equipos.
- De ser o caso deberán respectarse as circulacións interiores establecidas nos protocolos de cada club en cada unha das instalacións.

7- PROTOCOLO DE LIMPEZA (PERSOAL DA INSTALACIÓN):

Realizarase unha limpeza completa e desinfección antes do inicio das actividades diarias.

Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamanos, chans, teléfonos, e outros elementos de similares características, conforme ás seguintes pautas:

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que

foron autorizados polo Ministerio de Sanidade, e preferiblemente papel ou material desechable. No uso dos produtos respectaranse as indicacións da etiqueta.

- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección utilizados refugaranse de forma segura, lavando posteriormente as mans.
- Débense realizar tarefas de ventilación periódica nas instalacións. **Na medida do posible as xanelas e portalóns permanecerán abertos.**
- Reforzarase a limpeza e desinfección dos referidos aseos e instalacións deportivas garantindo sempre o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.

8- CONTROL DE USUARIOS E INCIDENCIAS:

- Será obrigatorio que cada club deportivo efectúe un control estrito do acceso ás instalación que quedará restrinxido unicamente a deportistas, adestradores e directivos do Club deportivo.**
- Para facilitar o control de acceso inclúese un documento de rexistro no *Anexo 2*, que o club deportivo deberá realizar diariamente, cubrindo os datos persoais de todas as persoas que accedan ás instalacións (deportistas, adestradores/as e directivos/as)
- Calquera incidencia que se produza en relación co Covid-19 debe ser rexistrada polo club e será comunicada inmediatamente ó Concello de Sarria.
- O Concello de Sarria poderá solicitar en calquera momento estes rexistros e serán postos a súa disposición de maneira inmediata.

9- COMUNICACIÓN E ACTUACIÓN NO CASO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19:

No caso de que algún usuario/a das instalacións deportivas presente sintomatoloxía do virus COVID-19, debe abandonar inmediatamente a instalación deportiva e deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para seguir as indicacións do mesmo.

10- RECOMENDACIÓNS:

Decálogo sobre cómo actuar en caso de tener síntomas de COVID-19:



Saber cómo actuar nos puede ayudar a **controlar mejor** las situaciones que puedan surgir estos días y a **prestar ayuda** a las personas de nuestro entorno. En caso de tener **síntomas** (fiebre o tos o dificultad respiratoria), sigue estos pasos:

- | | | | |
|-----------|--|--|---|
| 1 | AUTO-AISLARSE | En una habitación de uso individual con ventana, manteniendo la puerta cerrada, y, si es posible, baño individual.
Si no es posible: mantén la distancia de seguridad de 2 metros con el resto de convivientes y extrema la higiene. |  |
| 2 | MANTENTE COMUNICADO | Ten disponible un teléfono para informar de las necesidades que vayan surgiendo y puedas mantener la comunicación con tus seres queridos. |  |
| 3 | ¿SENSACIÓN DE GRAVEDAD? | Si tienes sensación de falta de aire o sensación de gravedad por cualquier otro síntoma llama al 112 . |  |
| 4 | TELÉFONO DE TU COMUNIDAD AUTÓNOMA | Si no, llama al teléfono habilitado en la Comunidad Autónoma o contacta por teléfono con el centro de salud. |  |
| 5 | AUTOCUIDADOS | Usa paracetamol para controlar la fiebre; ponte paños húmedos en la frente o date una ducha templada para ayudar a controlar la fiebre; bebe líquidos ; descansa , pero moviéndote por la habitación de vez en cuando. |  |
| 6 | AISLAMIENTO DOMICILIARIO | Ahora que ya has hecho lo más inmediato, estudia y aplica las recomendaciones para el aislamiento domiciliario e informa a tus convivientes de que tienen que hacer cuarentena. |  |
| 7 | LAVADO DE MANOS | Asegúrate de que en casa todos conocen cómo hacer un correcto lavado de manos . |  |
| 8 | SI EMPEORAS | Si empeoras o tienes dificultad respiratoria o no se controla la fiebre, llama al 112 . |  |
| 9 | AL MENOS 10 DÍAS | Se debe mantener el aislamiento un mínimo de 10 días desde el inicio de los síntomas, siempre que hayan pasado 3 días desde que el cuadro clínico se haya resuelto. |  |
| 10 | ALTA | El seguimiento y el alta será supervisado por su médico de Atención Primaria o según indicaciones de cada Comunidad Autónoma. |  |

Consulta fuentes oficiales para informarte

www.mscbs.gob.es

@sanidadgob

22 junio 2020

#ESTE
VIRUS
LO
PARAMOS
UNIDOS



ANEXO 1

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna _____ con NIF _____
e enderezo en _____
en representación da Entidade _____
con CIF _____ e enderezo social en _____
_____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- Que a entidade á que represento coñece as datas e horas asinadas pola Concellería de Deportes do Concello de Sarria para a utilización das instalacións deportivas solicitadas.
- Que a entidade que represento cumpre a normativa vixente estatal e autonómica en materia sanitaria, en especial, a relativa ao uso de máscara, limitacións de aforo e participantes de cada grupo, distancia interpersonal de seguridade, tipo de actividade física e deportiva permitida e demais criterios de uso de instalacións deportivas.
- Que a entidade que represento se compromete a aplicar o protocolo correspondente de cada federación deportiva.
- Que a entidade recibiu o protocolo a seguir nas instalacións deportivas municipais, por parte da Concellería de Deportes do Concello de Sarria, así como, se compromete a ler, aplicar e difundir a todos os membros do seu club.

Sarria, a _____ de _____ do 2020

A/A Concello de Sarria. Concellería de Deportes.

ANEXO 2

REXISTRO DIARIO DO CONTROL DE ACCESO E USO DA INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DE _____ DO CONCELLO DE SARRIA

O presente documento de Rexistro diario do control do uso da instalación se deberá cubrir por cada club e existe a obrigaón de conservar o rexistro durante 14 días conforme á normativa en materia de protección de datos, có fin de previr situación de risco e actuar como mecanismo de alerta temperá.

Nome Entidad: _____
 Categoría/ equipo: _____
 Responsable Covid do club: _____
 Data: _____

Nome e apelidos	DNI	Teléfono	Hora entrada	Hora saída